



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 35)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Ónega

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de xullo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de xullo de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

“Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, dividido nos seguintes lotes:

LOTE
LOTE A/1: PAZO PROVINCIAL.
LOTE B/2: ARQUIVO E MANTEMENTO, CENTRO DE INTERPRETACIÓN, CENTRO DE CESTERÍA, GRANXA GAIOSO CASTRO, CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON) E PARQUE MÓBIL/ CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL.
LOTE C/3: PAZO DOS DEPORTES E ESCOLA DE PIRAGUIZMO.
LOTE D/4: REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL (MUSEO PROVINCIAL, PAZO DE TOR , MUSEO DO MAR E MUSEO SAN PAIO DE NARLA).



O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro. As prestacións que conforman este servizo, non implican o exercicio de autoridade inherente ao exercicio das potestades públicas.

O anuncio de licitación foi remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 04 de abril de 2019, e publicado neste diario o día 09 de abril de 2019.

O día 08 de abril de 2019, publícase anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas - e resto de documentación preparatoria - no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público).

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Tal e como dispón o artigo 22.2 da LCSP, desenvolto pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro a contratación está suxeita a regulación harmonizada, posto que o valor estimado é de 2.728.157,20 euros.

A mesa de contratación reúne o día 16 de maio do 2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, en primeiro lugar, deuse conta, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
ITMA S.L.U.	1,3
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.	4
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	1,2,3,4
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	1,2,3,4

Tendo en conta que todas as empresas concorrentes presentan as súas propostas, dentro do prazo estipulado, procédese á apertura dos sobres “A” do lote 1; resultando que as empresas concorrentes presentan a documentación mínima requirida no PCAP (Anexo I) debidamente asinada, procédese á apertura dos sobres “B:”. Tras un somero análise a mesa de contratación comproba que a proposta de TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U., en principio, e nunha primeira lectura, supera as 30 páxinas.

Considerando que no PCAP e no PPT, se recolle que a extensión máxima da proposta técnica non poderá superar as 30 páxinas, excluídos os anexos (en calquera caso estes anexos non serán obxecto de valoración, no caso de achegar os anexos estes serán para mostrar en detalle as especificacións do compoñentes, as acreditacións do licitador, etc), ponderando a Mesa de contratación que este exceso non constitúe causa de exclusión, acorda por unanimidade que por parte do Servizo de Contratación e Fomento se informe sobre se a inclusión por parte da citada mercantil de máis páxinas do previsto nos pregos reitores, debe ter como consecuencia a falta de valoración das páxinas sobrantas ou pola contra se se debe avaliar a oferta completa.

A continuación procédese á apertura dos sobres B do lote 2, 3 e 4. Ao igual que no lote 1, a



mesa de contratación acorda que, no tocante á proposta presentada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U., se emita informe polo Servizo de Contratación e Fomento, en tanto que supere o límite de 30 páxinas, excluídos os anexos.

A mesa de contratación, ademais, acordou remitir a documentación técnica a efectos de valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor:

Ao Servizo de Contratación e Fomento, para a avaliación da calidade no emprego.

Á Unidade de Portería e Vixilancia, xunto coa Sección de Mantemento, para a valoración da proposta de organización e prestación do servizo para cada un dos lotes.

Na data do 17 de xuño de 2019, reúnese novamente a mesa de contratación. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, en primeiro lugar, dáse conta do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento. O amentado informe, no que se refire á extensión da oferta técnica presentada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U., conclúe o seguinte:

“O PCAP di na cláusula décimo segunda: “A efectos de valorar este criterio (proposta de organización e prestación do servizo para cada lote) os licitadores presentaran unha memoria técnica que non debe superar as 30 páxinas”.

Polo tanto, se esta referindo de forma clara, so o criterio proposta de organización e prestación do servizo, e non a totalidade da memoria da oferta técnica, polo tanto a proposta presentada pola mercantil TEMPO FACILITY SERVICES, SLU, cumpre coa extensión máxima sinalada na cláusula décimo segunda (30 páxinas), dado que empeza na páxina 8 e finaliza na páxina 37, en relación ao criterio que marcaba a limitación d e número de folios. O resto de folios ata a páxina 8ª vai referido as consideracións ou criterios considerados como melloras sociais.”

No tocante á avaliación da calidade no emprego, recóllese no informe o seguinte cadro resumo:

EMPRESA	APARTADOS	LOTE A	LOTE B	LOTE C	LOTE D
ITMA	Melloras salariais	15,00		15,00	
	Melloras por conciliación	0,80		0,80	
	Acción social	1,60		1,60	
	Plan de formación	0,58		0,58	
	PUNTUACIÓN TOTAL:	17,98		17,98	
LACERA	Melloras salariais				6,13
	Melloras por conciliación				0,25
	Acción social				0,00
	Plan de formación				1,00
	PUNTUACIÓN TOTAL:				7,38
SAMYL	Melloras salariais	3,47	3,47	3,47	3,47
	Melloras por conciliación	0,45	0,45	0,45	0,45
	Acción social	0,00	0,00	0,00	0,00
	Plan de formación	0,67	0,67	0,67	0,67
	PUNTUACIÓN TOTAL:	4,59	4,59	4,59	4,59
TEMPO	Melloras salariais	10,45	10,45	10,45	10,45
	Melloras por conciliación	0,60	0,60	0,60	0,60
	Acción social	1,60	1,60	1,60	1,60
	Plan de formación	0,46	0,46	0,46	0,46
	PUNTUACIÓN TOTAL:	13,11	13,11	13,11	13,11

Acto seguido dáse conta do informe da Unidade de Portería e Vixilancia, xunto coa Sección de Mantemento, para a valoración da proposta de organización e prestación do servizo para cada un dos lotes, informe no que se recollen pormenorizadamente as valoracións outorgadas a cada criterio de adxudicación e a súa motivación, e que se pode resumir no seguinte cadro:

EMPRESA	SUBAPARTADO	LOTE A	LOTE B	LOTE C	LOTE D
ITMA	Análise do servizo	1,60		1,60	
	Programación de actividades	1,90		1,90	
	Maquinaria e materiais	1,40		1,40	
	Calidade na prestación do servizo	2,90		2,90	
	Xestión de residuos	1,90		1,90	
	Accións complementarias	3,00		3,00	
	PUNTUACIÓN TOTAL:	12,70		12,70	
LACERA	Análise do servizo				2,00
	Programación de actividades				1,80
	Maquinaria e materiais				1,00
	Calidade na prestación do servizo				2,90
	Xestión de residuos				1,40
	Accións complementarias				1,00
	PUNTUACIÓN TOTAL:				10,10
SAMIL	Análise do servizo	0,00	0,00	0,00	0,00
	Programación de actividades	0,70	0,70	0,70	0,70
	Maquinaria e materiais	1,10	1,10	1,10	1,10
	Calidade na prestación do servizo	1,00	1,00	1,00	1,00
	Xestión de residuos	1,30	1,30	1,30	1,30
	Accións complementarias	0,00	0,00	0,00	0,00
	PUNTUACIÓN TOTAL:	4,10	4,10	4,10	4,10
TEMPO	Análise do servizo	0,00	0,00	0,00	0,00
	Programación de actividades	0,70	0,70	0,70	0,60
	Maquinaria e materiais	1,40	1,40	1,40	1,40
	Calidade na prestación do servizo	1,40	1,40	1,40	1,40
	Xestión de residuos	1,30	1,30	1,30	1,30
	Accións complementarias	0,00	0,00	0,00	0,00
	PUNTUACIÓN TOTAL:	4,80	4,80	4,80	4,70

No mesmo acto procédese á apertura e valoración dos sobres C, cos seguintes resultados:



Lote 1: Pazo Provincial

LICITADOR	PREZO	BOLSA DE HORAS	FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
ITMA S.L.U.	877.599,69 €	2.400	76,31
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	878.828,05 €	0	83,26
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	862.487,13 €	0	80,31

Polo que se refire á oferta presentada pola empresa SAMYL, detéctase, unha incongruencia na proposta presentada, posto que na oferta anual o IVE non se corresponde coa base imponible, o que afecta ao resultado total. Non obstante ao proceder á lectura do importe para os tres anos de duración do contrato, refléxase unha base e un IVE coherentes, cun erro de un céntimo na suma total. A mesa de contratación acorda aceptar a proposta como válida, posto que basta efectuar unha simple operación aritmética para salvar o erro de conta. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

O trámite de solicitude de aclaracións foi evacuado o día 21 de xuñode 2019, e deuse conta do mesmo á mesa de contratación o día 28 de xuño de 2019.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados(compútanse os importes corrixidos nos termos expostos):

LICITADOR	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
ITMA S.L.U.	18,49	10	4,58
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	15,93	0	5,00
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	50,00	0	4,82

Da suma das puntuacións obtidas no sobre B e as obtidas no sobre C, obtéñense os seguintes resultados:

LICITADOR	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	NOTAS TOTALS
ITMA S.L.U.	30,68	33,07	63,75
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	8,69	20,93	29,62
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	17,91	54,82	72,73

A continuación procédese á apertura dos sobres C do Lote 2: Archivo E Mantemento, Centro De Interpretación, Centro De Cestería, Granxa Gaioso Castro, Centro De Formación Audiovisual (Antiga Escola De Imaxe E Son) E Parque Móbil/ Centro De Producción Audiovisual, cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO	BOLSA DE HORAS	FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	406.247,82 €	0	83,26
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	396.614,42 €	0	80,31

Polo que se refire á oferta presentada pola empresa SAMYL, detéctase unha incongruencia na proposta presentada, posto que no prezo consignado para un ano fáltanlle os decimais tanto no IVE como no importe total. Non obstante ao proceder á lectura do importe para os tres anos de duración do contrato, refléxase o importe completo na base, no IVE e no importe total. A mesa de contratación acorda aceptar a proposta como válida, posto que se trata dun simple erro de transcripción, obtendo o resultado cunha sinxela operación matemática, sin necesidade de facer ningún tipo de apreciación ou xuízo de valor. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

O trámite de solicitude de aclaracións foi evacuado o día 24 de xuño de 2019, e deuse conta do mesmo á mesa de contratación o día 28 de xuño de 2019.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo



149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados (compútanse os importes correxidos nos termos expostos):

LICITADOR	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	0	0	5,00
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	50	0	4,82

Da suma das puntuacións obtidas no sobre B e as obtidas no sobre C, obtéñense os seguintes resultados:

LICITADOR	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	NOTAS TOTAIS
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	8,69	5,00	13,69
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	17,91	54,82	72,73

De seguido procédese á apertura dos sobres C do Lote 3: Pazo dos Deportes e Escola de Piragüismo, cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO	BOLSA DE HORAS	FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
ITMA S.L.U.	472.783,58 €	2.400	76,31
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	471.309,98 €	0	83,26
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	461.540,49 €	0	80,31

Obsérvanse os seguintes defectos nas propostas presentadas:

A proposta presentada pola empresa ITMA S.L.U., consigna un IVE para os tres anos que non se corresponde coa base, e no importe total para os tres anos hai unha diferenza de cincuenta céntimos. Non obstante presenta os importes correctos para un ano, tanto na base como no IVE xunto co importe total. A mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada, posto que abonda efectuar unha simple operación aritmética para salvar o erro de conta. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

A proposta presentada pola empresa SAMYL, presenta no importe consignado para un ano o IVE cunha diferenza dun céntimo, o que afecta ao total na mesma contía. No importe consignado para os tres anos omite os decimais na base, mentras que se consigna o importe correcto de IVE e o total, cunha diferenza de un céntimo e trinta e nove céntimos, respectivamente. A mesa de contratación acorda aceptar a proposta así presentada, posto que se trata dun erro de transcripción, resultando a vontade do licitador evidente, sin necesidade de facer ningún tipo de apreciación ou xuízo de valor, abondando cunha sinxela operación aritmética. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

A proposta presentada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U. presenta os importes correctos para un ano. No que se refire aos tres anos existe unha diferenza dun céntimo na base, que repercute no total na mesma contía. A mesa de contratación considera que se trata dun erro de redondeo, e que basta efectuar unha simple operación aritmética para salvar o erro de conta. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

O trámite de solicitude de aclaracións foi evacuado o día 21 de xuño de 2019, e deuse conta do mesmo á mesa de contratación o día 28 de xuño de 2019.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados(compútanse os importes corrixidos nos termos expostos):

LICITADOR	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
ITMA S.L.U.	14,91	10	4,58
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	19,51	0	5,00
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	50,00	0	4,82



Da suma das puntuacións obtidas no sobre B e as obtidas no sobre C, obtéñense os seguintes resultados:

LICITADOR	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	NOTAS TOTAIS
ITMA S.L.U.	30,68	29,49	60,17
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	8,69	24,51	33,20
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	17,91	54,82	72,73

Por último procédese á apertura dos sobres C do Lote 4: Rede Museística Provincial (Museo Provincial, Pazo de Tor, Museo do Mar e Museo San Paio de Narla), cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO	BOLSA DE HORAS	FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.	705.528,62 €	0	80,77
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	689.377,40 €	0	83,26
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	672.616,53 €	0	80,31

Obsérvanse os seguintes defectos nas propostas presentadas:

A empresa SAMYL, na proposta presentada para un ano, consigna tanto o IVE como o importe total cun céntimo de diferenza. O importe consignado para tres anos contén erro na base, no IVE e no importe total. A mesa de contratación considera que no importe para un ano se trata dun erro de redondeo, e que abonda efectuar unha simple operación aritmética para salvar o erro de conta e determinar o importe dos tres anos. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA.

A proposta presentada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U. presenta os importes correctos para un ano. No que se refire aos tres anos existe unha diferenza dun céntimo na base, que repercute no total na mesma contía. A mesa de contratación considera que se trata dun erro de redondeo, e que basta efectuar unha simple operación aritmética para salvar o erro de conta. Non obstante, co obxecto de completar o expediente, acórdase requirir aclaracións ao licitador, de

conformidade co establecido no artigo 84 do RXLC, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA..

O trámite de solicitude de aclaracións foi evacuado o día 21 de xuño de 2019, e deuse conta do mesmo á mesa de contratación o día 28 de xuño de 2019.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, procédese á valoración do contido dos sobres C, cos seguintes resultados(compútanse os importes correxidos nos termos expostos):

LICITADOR	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FOMENTO DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.	0,00	0	4,85
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	24,54	0	5,00
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	50,00	0	4,82

Da suma das puntuacións obtidas no sobre B e as obtidas no sobre C, obtéñense os seguintes resultados:

LICITADOR	NOTAS SOBRE B	NOTAS SOBRE C	NOTAS TOTAIS
LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.	17,48	4,85	22,33
SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	8,69	29,54	38,23
TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	17,81	54,82	72,63

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do sector público os informes técnicos xunto cos resultados acadados e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:



1º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1: Pazo Provincial

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	72,73
2	ITMA S.L.U.	63,75
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	29,62

Lote 2: Arquivo e Mantemento, Centro de Interpretación, Centro de Cestería, Granxa Gaioso Castro, Centro de Formación Audiovisual (Antiga Escola de Imaxe e Son) e Parque Móbil/ Centro de Producción Audiovisual

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	72,73
2	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	13,69

Lote 3: Pazo dos Deportes e Escola de Piragüismo

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	72,73
2	ITMA S.L.U.	60,17
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	33,20

Lote 4: Rede Museística Provincial (Museo Provincial, Pazo de Tor , Museo do Mar e Museo San Paio de Narla)

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U.	72,63
2	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	38,23
3	LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A.	22,33

2º.- Requerir á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei

9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, para cada un dos lotes.

Por resolución da Presidencia de data 21 de xuño de 2019, acéptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 17 de xuño de 2019, e consecuentemente clasificouse aos licitadores presentados por orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. O día 24 de xuño o Servizo de Contratación e Fomento cursou os pertinentes requirimentos.

O día 28 de xuño de 2019, reúnese novamente a mesa de contratación, co obxecto de dar conta das aclaracións presentadas polos licitadores. Neste acto, segundo se recolle na acta levantada a tales efectos, en primeiro lugar, dáse conta aos asistentes de que en cumprimento do acordo da mesa de contratación do día 17 de xuño de 2019, o Servizo de Contratación e Fomento, require aclaracións á empresa ITMA S.L.U., SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. (SAMYL) e TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U. - de conformidade co establecido no artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, doutrina xurisprudencial e informes da XCCA- concedéndolle ás licitadoras un prazo de tres días hábiles para cumprimentar o trámite de aclaración das ofertas. A empresa ITMA S.L.U., presenta un correo electrónico validando a interpretación feita pola mesa de contratación o día 17 de xuño de 2019, quedando os resultados como segue:

LOTE C

A cantidade total de 390.730,23 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 82.053,35 euros, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 50.841,29 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 472.783,58



A empresa SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. (SAMYL), presenta escrito vía correo electrónico no que da por válida a interpretación feita pola mesa de contratación o día 17 de xuño de 2019, quedando os resultados como segue:

LOTE A

A cantidade total de 242.101,39 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 50.841,29 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 292.942,68 euros/ano.

Importe total 726.304,17 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 152.523,88 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 878.828,05 euros.

LOTE B:

A cantidade total de 111.914,00 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 23.501,94 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 135.415,94 euros/ano.

Importe total 335.742,00 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 70.505,82 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 406.247,82 euros.

LOTE C:

A cantidade total de 129.837,46 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 27.265,87 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 157.103,33 euros/ano.

Importe total 389.512,38 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 81.797,60 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 471.309,98 euros.

LOTE D:

A cantidade total de 189.911,13 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 39.881,34 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 229.792,47 euros/ano.

Importe total 569.733,39 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 119.644,01 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 689.377,40 euros.

Polo que se refire á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L.U., declara que se ratifica nas ofertas económicas propostas no procedemento de contratación, alegando que a diferenza dun céntimo apreciada pola Mesa de Contratación (no que se refire ás ofertas relativas a tres anos), se debe ao redondeo, e que basta realizar unha simple operación aritmética para salvar dito erro.

A mesa de contratación acorda admitir as alegacións presentadas pola empresa, quedando os resultados como segue:

LOTE C:

A cantidade total de 127.146,14 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 26.700,69 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 153.846,83 euros/ano.

Importe total 381.438,43 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 80.102,07 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 461.540,50 euros.

LOTE D:

A cantidade total de 185.293,81 euros/ano, tendo en conta que a duración do contrato é de 3 anos, aos que haberá que engadir 38.911,70 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 224.205,51 euros/ano.



Importe total 555.881,42 euros para os tres anos, aos que haberá que engadir 116.735,10 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 672.616,52 euros.

Tendo en conta as alegacións presentadas, e considerando que non resultan afectados os resultados asignados na mesa de contratación celebrada o día 17 de xuño de 2019, a mesa de contratación ratifícase no acordo e valoración adoptado na devandita sesión.

O día 08 de xullo de 2019 a empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado.

Polo que se refire á garantía definitiva, para o lote B(2), o licitador proposto como adxudicatario deposita na Tesouraría da administración contratante a mesma, por importe de 16.369,02 euros, canto o importe requirido ascende a 16.389,02 euros.

A empresa licitadora ingresa a motu propio a diferenza detectada (20 euros) o día 09 de xullo de 2019. Entende o que subscribe que esta diferenza deriva dun erro de conta, e tendo en conta que nos PCAP está prevista a subsanación de documentación nesta fase procedimental, procede admitir o completo da garantía depositada.

Consta informe da Secretaría Xeral, do que se deu conta na Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 24.05.2019 sobre administración ordinaria.

O devandito informe analiza o concepto xurídico indeterminado “Administración ordinaria” e dentro do seu “halo de certeza” para ter a consideración de administración ordinaria estarían:

- actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos.

- que comprometan o porvir por tempo curto.

-que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada.

-que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade.

-que non constitúan novo precedente para posteriores acordos.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L. aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de servizos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, a favor da empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., actuando como representante da mesma D. Francisco Sánchez López.

Posto que se prevé que a prestación do servizo comece o día 16 de agosto de 2019 (salvo que se interpoña recurso especial en materia de contratación que leve aparellada a suspensión da formalización), os importes consignados distribúense atendendo ás seguintes anualidades:



CENTROS/DEPENDENCIAS/UNIDADES DE GASTO	ANUALIDADE 2019	ANUALIDADE 2020	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022	TOTAL	COSTE HORA EXTRAORDINARIA
LOTE A						
PAZO PROVINCIAL	107.810,89	287.495,71	287.495,71	179.684,82	862.487,13	13,01
TOTAL LOTE A	107.810,89	287.495,71	287.495,71	179.684,82	862.487,13	
LOTE B						
GRANXA PROVINCIAL GAIOSO CASTRO	5.487,84	14.634,23	14.634,23	9.146,39	43.902,68	11,42
ARQUIVO E TALLERES	10.400,54	27.734,78	27.734,78	17.334,24	83.204,33	
PARQUE MÓBIL/ CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	20.843,85	55.583,60	55.583,60	34.739,75	166.750,81	
CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (ANTIGA ESCOLA DE IMAXE E SON)	10.573,26	28.195,35	28.195,35	17.622,09	84.586,05	
CENTRO DE INTERPRETACIÓN E CESTERÍA	2.271,32	6.056,85	6.056,85	3.785,53	18.170,55	
TOTAL LOTE B	49.576,81	132.204,81	132.204,81	82.628,00	396.614,42	
LOTE C						
PAZO DOS DEPORTES	53.761,55	143.364,14	143.364,14	89.602,59	430.092,42	11,64
ESCOLA DE PIRAGÜISMO	3.931,01	10.482,69	10.482,69	6.551,68	31.448,08	
TOTAL LOTE C	57.692,56	153.846,83	153.846,83	96.154,27	461.540,50	
LOTE D						
MUSEO PROVINCIAL	55.175,59	147.134,92	147.134,92	91.959,32	441.404,75	12,18
PAZO DE TOR-MONFORTE DE LEMOS	11.479,50	30.612,00	30.612,00	19.132,50	91.836,00	
MUSEO DO MAR SAN CIPRIÁN	6.342,21	16.912,55	16.912,55	10.570,35	50.737,66	
FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA	11.079,76	29.546,04	29.546,04	18.466,27	88.638,11	
TOTAL LOTE D	84.077,06	224.205,51	224.205,51	140.128,44	672.616,52	
TOTAL CONTRATO	299.157,32	797.752,86	797.752,86	498.595,53	2.393.258,57	

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura de carácter mensual e logo de informe favorable ou conformidade do responsable do contrato, expedida de acordo coa normativa vixente. A facturación se efectuará a mes vencido mediante a presentación dunha factura por centro onde se detallará lote e centro.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 , 2021 e 2022 as cantidades indicadas.

O contratista virá obrigado ao cumprimento íntegro da súa oferta económica e técnica presentada, en relación aos criterios obxecto de adxudicación (incorporado ao expediente), que terán carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais, aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP, as recollidas na cláusula 22.2 e 22.3 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN SON E ILUMINACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO III FESTIVAL INTERNACIONAL BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 10 de xullo de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe xurídico administrativo.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14 de xuño do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación, o día 17 de xuño do 2019, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Minuta da acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 2 de xuño do 2019, para apertura da documentación administrativa / proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Resolución de Presidencia de data 9 de xullo 2019, notificada o mesmo día, pola que se procedeu a requirir a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP á empresa A.S.O. SON S.L.U.

A empresa atendeu en tempo e forma o requirimento o día 9 de xullo de 2019.

Lexislación Aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

- Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións Xurídico-Administrativas.



Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do servizo de produción, son e iluminación para a celebración do III Festival Internacional de Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes, tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, en aplicación dos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). Esta contratación non está suxeita a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, nin é susceptible de recurso especial en materia de contratación, ao ter un valor estimado inferior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade coa minuta da acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 2 de xullo do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente (segundo anuncio publicado con data 17 de xuño de 2019 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo-Xunta de Goberno-, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público), que foi a seguinte:

Licitadores
A.S.A.-SON SLU

Tendo en conta que a empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procedeuse á apertura e exame da documentación administrativa e da proposta económica e documentación cuantificable de forma automática, resultando que a empresa presenta a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinada. A mesa de contratación acordou admitir a proposta ao proceso de adxudicación.

No mesmo acto procedeuse á valoración da oferta presentada, e obtívose o seguinte resultado:

Contido da oferta presentada e puntuacións:

Licitadores	CRITERIO 1 (máx. 70 puntos)	CRITERIO 2 (máx. 15 puntos)	CRITERIO 3 (máx. 15 puntos)	TOTAL
A.S.A.-SON SLU	Oferta: 20.163,44 €	Oferta: 0	Oferta: 12,5%	
	Puntuación: 70	Puntuación: 0	Puntuación: 15	Puntuación: 85

A oferta admitida non incorre na situación de baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, en aplicación dos criterios fixados na cláusula décimo terceira do PCAP.



Por Resolución de Presidencia de data 9 de xullo de 2019, notificada o mesmo día, requiriuse a documentación á que se refiren os artigos 65 e 73 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, que non se obtivera da información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), á empresa que obtivo maior puntuación, a saber:

No suposto de que o contratista estea exento do pagamento do IAE, deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable (ver modelo Anexo).

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable, de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

Declaración da adscrición concreta de medios materiais e persoais previstos na cláusula 7 do PCAP.

A empresa presentou a documentación en tempo e forma o día 9 de xullo de 2019.

A cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares establece que o órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a

Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de prescricións técnicas, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Consta informe da Secretaría Xeral, do que se deu conta na Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 24.05.2019 sobre administración ordinaria. O devandito informe analiza o concepto xurídico indeterminado “Administración ordinaria” e dentro do seu “halo de certeza” para ter a consideración de administración ordinaria estarían:

Actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos.

Que comprometan o porvir por tempo curto.

Que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada.

Que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade.

Que non constitúan novo precedente para posteriores acordos.

Este trámite de adxudicación enmárcase dentro dos supostos enumerados que teñen a consideración de administración ordinaria.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa A.S.O. SON S.L.U. a contratación do servizo de produción, son e iluminación para a celebración do III Festival internacional de blues de Lugo “Blues Museum”.



A empresa adxudicataria comprométese á prestación do obxecto do contrato, con unha duración de un mes dende a data na que se produza a formalización do contrato, debéndose realizar nese prazo as actuacións musicais previstas e definidas no PPT, por un importe máximo, IVE incluído, de 20.163,44 euros (16.664,00 euros máis 3.499,44 euros, do 21% de IVE).

2º.- Determinar que o prezo contractual financiarase con cargo á aplicación 3340.22609 do vixente Orzamento Xeral.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- O cumprimento dos medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato, e recollidos na cláusula 7.3 do PCAP e no prego de prescricións técnicas, incluído o incremento de persoal que ofrecera, no seu caso.

- O cumprimento pola empresa adxudicataria do deber de presentar xunto coa factura, unha declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e de ter aboado os salarios aos traballadores.

- O cumprimento das disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde e das instrucións dadas a este respecto polo técnico da Administración.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación de adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN POR LOTES DOS GRUPOS MUSICAIS PARA O III FESTIVAL BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

“Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á Contratación Por Lotes dos Grupos Musicais para O III Festival Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado de servizos, de acordo co artigo 25 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto dunha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



O contrato adjudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP , nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación); criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a que para os concertos a celebrar para o festival de “BLUES MUSEUM” dos Lotes I, II e III, D.Eduardo Núñez-Torrón Caballero, ostenta os dereitos de representación en exclusiva, como produtor local para as actuacións de CHRIS O’LEARY BAND, : WATERMELON SLIM, e de IZO FITZROY . No caso das actuacións relacionadas para os Lotes IV, V e VI, a empresa EIDÓN MÚSICA, S.L. ostenta os dereitos de representación en exclusiva como produtor local para as actuacións de YOLANDA BROWN, BEN POOLE BAND, e de ARETHA SOUL DIVA (actuacións todas elas artísticas).

Os documentos de declaración da exclusividade de D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero e EIDÓN MÚSICA, S.L. están incorporados ao expediente, e polo tanto, procedería a contratación directa a Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I, II e III, e no caso dos Lotes IV, Ve VI procedería a contratar á empresa EIDÓN MÚSICA, S.L., dado que son ás únicas empresas ás que se lle pode encomendar estas prestacións ao abeiro do disposto no artigo 168 a) apartado 2º, por ser procedente á protección de dereitos exclusivos e a condición de representación artística en que consisten as prestacións contratadas.

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que nos atopamos ante unha materia de cesión de dereitos de imaxe e de exclusividade e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adjudicación de contratos que tivesen por obxecto “ a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo”) e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento de adjudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente co mesmo criterio o cal é “las razones

artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica” non sendo posible, por tanto, promover a concorrência e proponendo o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído neste caso.

De acordo co previsto no art. 99 da LCSP, a división en lotes, pasa a ser a regra xeral e debe xustificarse a non división. Neste procedemento existe división en varios lotes . Cada lote constituirá un único contrato, de modo que é susceptible de adxudicación independente. No caso de xurdiren incidencias ou demoras na tramitación da adxudicación dalgún dos lotes, poderá continuar a tramitación dos restantes, incluída a adxudicación, licitación e comezo da prestación. A división en lotes reflíctese en atención ao artista contratado e as súas singularidades.

Cada licitador poderá presentar só unha oferta en relación co lote ou lotes aos que licite, sen que se poidan presentar variantes o alternativas.

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 24 de maio do 2019, cursáronse convites a través da Plataforma de Contratos do Estado, na data 04 de xuño do 2019 a D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I, II, III, e á mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, para presentar oferta en relación aos criterios de adxudicación recollidos na cláusula 12 do PCAP.

Visto que de conformidade coa acta da mesa de contratación de data 21 de xuño do 2019, procedeuse á dar conta dos datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, coincidindo os licitadores presentados coas empresas convidadas ao procedemento negociado:

Licitadores
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO (LOTES I, II, III)
EIDÓN MÚSICA, S.L. (LOTES IV, V, VI)



Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron, en tempo e forma, as súas propostas, procedeuse á apertura e exame do sobre “A ” (documentación administrativa). Resultando que o anexo I (modelo de declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP), presentado por D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I,II,III, e a mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, dentro do sobre A, axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, polo que a mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas.

Acto seguido, procedeuse á apertura da documentación contida nos Sobres B dos licitadores concorrentes, relativa ás ofertas económicas, que segundo o establecido na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas, deberá incluír o Anexo III, relativo aos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación de fórmulas, debidamente cumprimentado.

A Mesa de Contratación, comprobou que o Anexo III presentado por D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I,II,III, e o presentado pola mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, están debidamente asinados e o seu contido se axusta ao modelo da proposición económica- Anexo III, relativo aos criterios de adxudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas).

“Criterios de adxudicación/negociación

Distínguense dúas fases no proceso de valoración das ofertas:

Fase 1. Criterios de adxudicación para cada un dos Lotes: (ata un máximo de 80 puntos)

En caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.

a) Prezo (ata un máximo de 80 puntos).

Puntuarase a baixada no prezo da licitación (IVE non engadido) de acordo co seguinte baremo:

- Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 20 puntos
- Baixa entre o 5% e o 10% do orzamento base de licitación. 40 puntos
- Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 60 puntos.
- Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 80 puntos.

(...)”

Polo que se refire ás propostas económicas presentadas por D.Eduardo Núñez-Torrón Caballero, comprométese a executar o obxecto do contrato ao que se refiren os lotes I, II e III, polos importes de licitación, sen mellora algunha económica, sendo a oferta económica a seguinte:

LOTES	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL
I) CHRIS O’LEARY BAND	8.200	1.722	9.922
II) WATERMELON SLIM	10.700	2.247	12.947
III) IZO FITZROY	6.500	1.365	7.865

Polo que respecta nesta primeira fase de negociación, D.Eduardo Núñez-Torrón Caballero, obtén unha puntuación de 0 puntos en cada lote ao non mellorar o prezo base de licitación na súa oferta, aínda que cumpre co tipo de licitación.

Respecto da oferta presentada pola empresa EIDON MÚSICA, S.L, comprométese a executar o obxecto do contrato ao que se refiren os lotes IV, V e VI , polos importes de licitación, sen mellora algunha económica, sendo a oferta económica a seguinte:

LOTES	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL
IV) YOLANDA BROWN	12.500	2.625	15.125
V) BEN POOLE BAND	8.700	1.827	10.527
VI) ARETHA SOUL DIVAS	12.000	2.520	14.520

Tras a apertura do sobre B, a Mesa de Contratación adoptou os seguintes acordos:



Iniciar a rolda de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas) de acordo co previsto na cláusula 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á asociación LUCUS ENSEMBLE MÚSICA DE CÁMARA, nos termos do propio acordo de Xunta de Goberno de data 01.03.2019.

Con data 28 de xuño do 2019, reuniuse novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na acta que obra no expediente, na que se da conta das propostas presentadas polos contratistas Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I, II, III, e o presentado pola mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, en relación aos criterios obxecto de negociación, os cales atópanse recollidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas reitor do expediente de referencia (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), sendo estes os seguintes:

“Criterios de adxudicación/negociación

Distínguense dúas fases no proceso de valoración das ofertas:

Fase 1. Criterios de adxudicación para cada un dos Lotes: (ata un máximo de 80 puntos)

(...)

Fase 2. Criterios de negociación para cada un dos Lotes: (ata un máximo de 20 puntos)

Incremento da duración da actuación musical, estando establecida a duración mínima das actuacións en unha hora e quince minutos para as actuacións dos lotes I, II, V e VI. e de 60 minutos para as actuación dos lotes III e IV. (ata un máximo de 20 puntos).

Puntuarase a o incremento da duración das actuacións de acordo co seguinte baremo:

- Un incremento de 15 minutos sobre a duración mínima. 5 puntos.
- Un incremento de 25 minutos sobre a duración mínima. 15 puntos.
- Un incremento de 35 minutos sobre a duración mínima. 20 puntos.

En caso de que a oferta presentada iguale a duración mínima obrigatoria, será valorada con 0 puntos, aínda que resultase admitida.”

Tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite a través da Plataforma de Contratación do Sector Público , os contratistas presentan as seguintes ofertas:

Licitadores	Anexo : Incremento da duración da actuación musical	Puntuación
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO (LOTES I,II,III)	LOTE I: 15 minutos	LOTE I: 5 puntos
	LOTE II: 15 minutos	LOTE II: 5 puntos
	LOTE III: 15 minutos	LOTE III: 5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L. (LOTES IV, V, VI)	LOTE IV: 15 minutos	LOTE IV: 5 puntos
	LOTE V: 15 minutos	LOTE V: 5 puntos
	LOTE VI: 15 minutos	LOTE VI: 5 puntos

A suma das puntuacións obtidas polos licitadores no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

Licitadores	PUNTUACIÓN FASE 1 (Criterios de adxudicación)	PUNTUACION FASE 2 (Criterios de negociación)	Puntuación Total
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO (LOTES I,II,III)	LOTE I: 0 puntos	LOTE I: 5 puntos	5 puntos
	LOTE II: 0 puntos	LOTE II: 5 puntos	5 puntos
	LOTE III: 0 puntos	LOTE III: 5 puntos	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L. (LOTES IV, V, VI)	LOTE IV: 0 puntos	LOTE IV: 5 puntos	5 puntos
	LOTE V: 0 puntos	LOTE V: 5 puntos	5 puntos
	LOTE VI: 0 puntos	LOTE VI: 5 puntos	5 puntos

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais, a mesa de contratación, acordou por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:



Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

LICITADOR	LOTES	PUNTUACIÓN
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	I) CHRIS O'LEARY BAND	5 puntos
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	II) WATERMELON SLIM	5 puntos
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	III) IZO FITZROY	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	IV) YOLANDA BROWN	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	V) BEN POOLE BAND	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	VI) ARETHA SOUL DIVAS	5 puntos

Requirir a Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I,II,III, e á mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Polo que vai dito, e en base ao establecido no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, proponse que polo Sr. Presidente da Excma. Deputación de Lugo se acepte a proposta feita pola mesa de contratación con data 28 de xuño do 2019 e consecuentemente se adopte a seguinte resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

LICITADOR	LOTES	PUNTUACIÓN
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	I) CHRIS O'LEARY BAND	5 puntos
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	II) WATERMELON SLIM	5 puntos
EDUARDO NÚÑEZ-TORRÓN CABALLERO	III) IZO FITZROY	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	IV) YOLANDA BROWN	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	V) BEN POOLE BAND	5 puntos
EIDÓN MÚSICA, S.L	VI) ARETHA SOUL DIVAS	5 puntos

Requirir a Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I,II,III, e á mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 03 de xullo de 2019,clasificáronse aos licitadores admitidos atendendo ao orde de importancia e ponderación e acordouse requirir a D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero para os lotes I,II,III, e á mercantil EIDÓN MÚSICA, S.L. para os lotes IV, V, VI, , para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

D. Eduardo Núñez Torrón (Lotes I, II e III) e a mercantil Eidón Música, S.L. (Lotes IV, V e VI),atenderon en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado o día 05 de xullo de 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.



Consta informe da Secretaría Xeral incluído na Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 24.05.2019 sobre administración ordinaria, ao que se califica como concepto xurídico indeterminado, en cuxo halo de certeza para ter a consideración de administración ordinaria estarían:

-actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos.

-que comprometan o porvir por tempo curto.

-que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada.

-que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade.

-que non constitúan novo precedente para posteriores acordos.

Este trámite de adxudicación enmárcase dentro dos supostos enumerados que teñen a consideración de administración ordinaria.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que os licitadores D. Eduardo Emilio Núñez Torrón Caballero e Eidón Música, S.L. , aportaron a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, propónse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adxudicar á D. Eduardo Emilio Núñez Torrón Caballero, a contratación dos espectáculos públicos con motivo do III Festival Internacional Blues de Lugo “BLUES MUSEUM” para os lotes I, II e III; e adxudicar á empresa Eidón Música, S.L., dita contratación para os lotes IV, V e VI, segundo se detalla a continuación:

LOTE I: CHRIS O’LEARY BAND, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 19 de xullo na Praza da Soidade.

LOTE II: WATERMELON SLIM, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 20 de xullo na Praza da Soidade.

LOTE III: IZO FITZROY, a través de Eduardo Núñez-Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para as actuacións os días 20 de xullo na Praza da Soidade e 21 de xullo nos Xardíns do Museo Provincial de Lugo

LOTE IV: YOLANDA BROWN, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para dúas actuacións o día 19 de xullo, unha nos xardíns do Museo Provincial e outra na Praza da Soidade.

LOTE V: BEN POOLE BAND, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para a actuación o día 19 de xullo na Praza da Soidade e unha masterclass o día 20 de xullo nos Xardíns do Museo Provincial de Lugo

LOTE VI: ARETHA SOUL DIVAS, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para unha actuación o día 20 de xullo na Praza da Soidade.

2º.- D. Eduardo Emilio Núñez Torrón Caballero, comprométese a executar o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas, nos pregos de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, polos importes que se detallan a continuación, e cunha duración mínima de 90 minutos por concerto para os lotes I,II, e de 75 minutos para o lote III.

LOTES	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL
i) CHRIS O'LEARY BAND	8.200	1.722	9.922
ii) WATERMELON SLIM	10.700	2.247	12.947
iii) IZO FITZROY	6.500	1.365	7.865
TOTAL	25.400 €,	5.334 €,	30.734€



3º.- A empresa Eidón Música, S.L, comprométese a executar o obxecto do contrato, cumprindo coas determinacións establecidas, nos pregos de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, polos importes que se detallan a continuación, e cunha duración mínima de 90 minutos por concerto para os lotes V e VI e de 75 minutos para o lote IV.

LOTES	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL
iv) YOLANDA BROWN	12.500	2.625	15.125
v) BEN POOLE BAND	8.700	1.827	10.527
vi) ARETHA SOUL DIVAS	12.000	2.520	14.520
TOTAL	33.200 €,	6.972 €,	40.172€

4º.- Cada contrato terá unha duración máxima de vixencia de 1 mes dende a data na que se produza a formalización do contrato, debéndose realizar nese prazo as actuacións musicais previstas e definidas no PPT.

5º.- Os créditos precisos para esta contratación financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3340.22609, do orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.

6º.- Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presentes contratacións, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Vistos o Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

.- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1802 “Chantada (540)-Sabadelle-Encoro Belesar”, P.K. 1+675 al 5+000, LU-P-1804 “Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fíz (LU-617), P.K. 1+700 al 6+049, y Lu-P-1809 “Chantada (N-540 A)-Antas de ulla (N-640), P.K. 2+085 al 3+600. CHANTADA.

Contratista: Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.

.- Obra: Construcción de centro de día e residencial comarcal de Becerreá, (Anexo I).

Contratista: COPCISA, S.A.

Director de obra: D. Santiago Catalán Tobía.

Director de execución: D. José Luís Pardo Pérez.

Coordinadora de seguridade e saúde en fase de execución: Dona María Josefa Álvarez Martínez.

.- Obra: Adaptación aseos Pazo Provincial.

Contratista: D. Modesto José Teijeiro Valledor.

Director Técnico: Unidade de Proxectos.



.- Obra: Melloras na rede de distribución de auga á Granxa Gaioso Castro.

Contratista: D. Pedro Canto Morado.

Director Técnico: Unidade de Proxectos.

.- Obra: Acondicionamiento LU-P-5102(Rúa Músico Crisanto),P.K.0+033 al 0+184.
RÁBADE.

Contratista: DESMACO, SLU.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/011.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/011, correspondente á sociedade civil Ganadería Josjara, S.C. (Baleira), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,5713 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.785,65 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ganadería Josjara, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a

documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Josjara, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/011, destinada á “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.785,65 €, así como o aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/133 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/133, correspondente á dona María Eugenia Pernas Piñeiro (O Valadouro), destinada a “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 1.250,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.



Dona María Eugenia Pernas Piñeiro (O Valadouro), presenta escrito con data de rexistro de entrada 8 de xullo de 2019, solicitando a renuncia á subvención SUBAGR-2018/133.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por Dona María Eugenia Pernas Piñeiro (O Valadouro), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 1.250,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE DON MANUEL ÁNGEL JOVE LOSADA, TRALO NOMEAMENTO COMO DIRECTOR DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR DO CONCELLO DA CORUÑA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“O funcionario de carreira e titular do posto de Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación Provincial de Lugo, Don José Ángel Jove Losada, ten comunicado, mediante escrito, de 9 de xullo de 2019, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade provincial o mesmo día (Nº 16.257), que foi nomeado titular de órgano directivo municipal: Director de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, por Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de A Coruña, en sesión celebrada o día 3 de xullo de 2019.

Achega co seu escrito certificación do Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, que literalmente sinala:

“Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 3 de xullo de 2019, previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunta coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acordou:

Nomear aos titulares dos seguintes órganos directivos municipais:

Don Manuel Ángel Jove Losada, Director de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior.

(...)

Segundo o establecido na Disposición Adicional décimo quinta da Lei 7/85, os titulares dos órganos directivos municipais quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas estatais e autonómicas de aplicación.

Os funcionarios designados como titulares dos anteriores órganos directivos pasarán á situación administrativa de servizos especiais nas súas correspondentes administracións, de acordo co disposto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Para dar efectividade económica aos nomeamentos que se propoñen existe crédito suficiente no Orzamento Municipal prorrogado para 2019.

Darase conta ao Pleno, aos efectos do artigo 132 do ROM, en relación co 130.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Notifíquese este acordo a todas as concellarías delegadas, órganos directivos e xefaturas dos servizos municipais.”



No citado escrito do funcionario solicita:

“Que se teña por presentado este escrito coa certificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de A Coruña, comunicando como data para tomar posesión como titular do citado órgano directivo o día 11 de xullo de 2019.

Ser declarado en situación de servizos especiais na Deputación Provincial de Lugo, coas consecuencias legais derivadas e singularmente as sinaladas nos artigos 168 e 169 da Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril.”

Acompaña ca dita solicitude copia do anuncio publicado no BOP de A Coruña, nº 128 de 9 de xullo de 2019.

Tendo en conta que as situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma.

Considerando que, conforme ao previsto nos artigos 87.1 f) do EBEP e 167 f) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizos especiais cando desempeñe responsabilidades como directivos locais.

Tendo en conta canto antecede, na miña condición de Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), á Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar en situación administrativa de servizo noutras administracións públicas a Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe Servizo Contratación e Fomento, Grupo A, Subgrupo A1, cos efectos legais e administrativos que se sinalan no artigo 171 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, con efectividade do día 11 de xullo de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DUN AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Visto que D. Francisco Velayos Pardo, Axente Desenvolvemento Local, nado o 9 de agosto de 1949, remata o próximo día 9 de agosto de 2019 a prolongación de permanencia no servizo activo, non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta :

O artigo 14.n) Do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece, como un dereito individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, nos seus artigos 204 e seguintes, regula as condicións para acceder á xubilación, na súa modalidade contributiva, do persoal incluído no seu ámbito de aplicación e as prestacións derivadas da dita continxencia protexida.



O Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo regula no seu artigo 53 as condicións nas que debe producirse a xubilación do dito tipo de persoal.

O período cotizado por D. Francisco Velayos Pardo ao Réxime Xeral da Seguridade Social cumpre coas condicións legais para percibir unha prestación de xubilación contributiva, ao contar coa carencia xeral e específica establecida na normativa de Seguridade Social.

A xestión dos recursos humanos da Deputación provincial de Lugo estase a realizar mediante un procedemento común para todo o persoal, estea clasificado este dentro do réxime xurídico administrativo ou no réxime xurídico laboral.

De acordo co previsto no artigo 68.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a prolongación de permanencia no servizo activo, concedida despois de ter cumprido a idade regulamentaria de xubilación, require dunha solicitude, ano a ano, formulada cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro á data na que se cumpre o prazo de prolongación, para tramitar a continuidade na dita situación de prolongación de permanencia no servizo activo; sen que se teña formalizado, á data de hoxe, polo traballador, a dita solicitude.

Conforme ao establecido no artigo 59.b).4 do Regulamento Orgánico da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspóndelle á Xunta de Goberno declarar a xubilación de todo o persoal que presta servizos na Entidade.

Visto as consideracións anteriormente formuladas, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo declarando a xubilación de D. Francisco Velayos Pardo, con efectividade do día 9 de agosto de 2019, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade, dado que cumpre coas condicións e requisitos enumerados nos artigos 204 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, polo que non se observan obstáculos legais para acceder a súa xubilación dende a citada data”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 200/2019-F.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 200/2019-F, interposto por MGS Seguros y Reaseguros, S.A., contra esta Entidade, por desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados no vehículo debido a accidente de circulación na estrada LU-P-1611, (P.K. 91,8); a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.